



**FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO**

**IV^a Convocatoria de
axudas para a promoción do
deporte en Galicia.
Edición 2009**

INDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxecto.....	3
3. Beneficiarios/as.....	3
4. Financiamento orzamentario.....	4
5. Solicitudes.....	4
5.1 Instancia de solicitude.....	4
5.2 Documentación.....	4
5.3 Límites nas solicitudes.....	5
5.4 Lugar de solicitude.....	6
5.5 Prazo de solicitude.....	6
5.6 Corrección de solicitudes.....	6
6. Instrución e tramitación do procedemento.....	6
6.1 Órgano de instrución.....	6
6.2 Criterios de valoración.....	7
6.3 Resolución de adxudicación.....	9
6.4 Aceptación da resolución.....	9
6.5 Reclamacións.....	10
7. Xustificación e pagamento.....	10
7.1 Xustificación.....	10
7.2 Pagamento.....	11
8. Obrigas do/a beneficiario/a.....	11
9. Modificación da resolución, revogación e reintegro.....	12
9.1 Modificación da resolución.....	12
9.2 Revogación.....	12
9.3 Reintegro.....	13
10. Réxime xurídico.....	13
11. Disposicións adicionais.....	13

1. Introducción.

A Fundación Deporte Galego é unha fundación do sector público dependente da Consellería de Cultura e Deporte que ten como finalidade fundacional a promoción do deporte en Galicia. De conformidade cos seus estatutos ten encomendada, entre outras, as seguintes funcións:

- a Organización, preparación e/ou apoio de eventos deportivos a celebrar en Galicia.
- b Fomento do deporte base e de alta competición en Galicia.

Nesta edición de 2009 acadase a IVª Convocatoria de axudas para a promoción do deporte en Galicia, o que pon de manifesto a consolidación dunha liña de axudas que complementa as liñas ordinarias de subvencións da Dirección Xeral para o Deporte.

O obxectivo da convocatoria, en consoancia cos fins fundacionais descritos, é dobre:

- a) Contribuír ao desenvolvemento de eventos deportivos no país galego a nivel internacional, estatal, galego e local.
- b) Apoiar a participación das e dos deportistas galegos en probas deportivas con requirimentos específicos.

2. Obxecto.

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de axudas en 2009 para o desenvolvemento das seguintes liñas de actuación:

a) **Liña I: Organización de eventos.**

Organización de eventos deportivos en Galicia, así como a organización de actividades de interese galego orientadas ao fomento, promoción, difusión e formación da práctica deportiva (campus, congresos, xornadas formativas, etc).

b) **Liña II: Participación de deportistas.**

Participación de deportistas galegos/as nun evento deportivo (campionato de unha ou máis probas) ou nunha actividade deportiva con requirimentos específicos (expedicións, etc).

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención.

3. Beneficiarios/as.

Poderán solicitar as axudas aquelas persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) **Liña I: Organización de eventos**

- As asociacións deportivas que, conforme ao disposto na Lei Xeral do Deporte de Galicia, ostenten a condición de clubs deportivos.

- As entidades sen ánimo de lucro inscritas no correspondente rexistro de asociacións ou de fundacións da Xunta de Galicia.
- As empresas promotoras de eventos deportivos con domicilio social en Galicia.

b) **Liña II: Participación de deportistas.**

- Os/as deportistas galegos/as con licenza federativa galega en vigor nalgunha das modalidades deportivas pertencentes ás federacións deportivas galegas.
- Os/as deportistas galegos/as que, aínda non pertencendo a ningunha federación deportiva galega, o nivel da competición na que participan teñan relevancia a nivel galego, estatal e/ou internacional.

Aos efectos destas bases de axudas non poderán obter a condición de beneficiarios/as os/as seguintes:

- As Federacións Deportivas Galegas.
- As persoas físicas ou xurídicas en quen conorra algunha das circunstancias sinaladas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Financiamento orzamentario.

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2009 da Fundación Deporte Galego con cargo á partida “1. Axudas Monetarias” por un importe máximo de 1.500.000 euros, sen prexuízo da súa suplementación en virtude do incremento de fondos asignados a este fin que poida acordar a Fundación no caso de existencia de crédito na citada partida orzamentaria no momento de resolución.

5. Solicitudes

5.1 Instancia de solicitude.

As solicitudes presentaranse na instancia recollida no **Anexo 1** e dirixiranse á Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego.

Cada solicitante só poderá presentar unha instancia de solicitude referida a un único evento ou actividade de interese galego ou á participación nunha única actividade deportiva ou campionato.

5.2 Documentación.

Xunto coa instancia de solicitude presentarase a seguinte documentación:

1. **Proxecto para o que se solicita a axuda**, que como mínimo ha de conter:
 - Datos básicos do proxecto.
 - Información adicional.
 - Orzamento de gastos e ingresos previsto.
 - Declaración das axudas solicitadas para o mesmo fin.

Para a cumprimentación do proxecto hase de empregar:

- a) Liña I: Organización de eventos: **Anexo 2a.**
- b) Liña II: Participación de deportistas: **Anexo 2b.**

Os Anexos citados poderanse descargar en www.deportegalego.eu

2. Documentación Xeral:

- a) Liña I: Organización de eventos:
 - a.1 Fotocopia do CIF.
 - a.2 Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais (Axencia Tributaria e Xunta de Galicia) e de seguridade social.
 - a.3 As entidades sen ánimo de lucro e empresas que non estean inscritas no rexistro de clubs da Dirección Xeral para o Deporte deberán presentar copia da inscrición no rexistro correspondente.
 - a.4 As empresas promotoras de eventos deportivos que soliciten axuda deberán presentar ademais unha declaración escrita, sobre calquera outra **axuda de minimis** recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.
- b) Liña II: Participación de deportistas:
 - b.1 Fotocopia do DNI.
 - b.2 Fotocopia da licenza federativa.
 - b.3 Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais (Axencia Tributaria e Xunta de Galicia) e de seguridade social.

5.3 Límites nas solicitudes.

- a) Límite temporal. As solicitudes teranse que referir a actividades, eventos ou participación de deportistas que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.
- b) Compatibilidade con outras axudas. O importe de cada axuda concedida en virtude destas bases en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade para a que se concedeu a axuda. Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas e concedidas para o mesmo fin na instancia de solicitude (**Anexo 2**), así como as axudas solicitadas e recibidas no momento de xustificación final (**Anexo 3**).
- c) Límite de contía. A porcentaxe da axuda concedida non poderá exceder do 50% sobre o custe do proxecto presentado. Así mesmo, no momento da xustificación, se houbera redución de custes, a axuda concedida deberá respetar igualmente a porcentaxe do 50% sobre o gasto final xustificado.
- d) Axudas de minimis. O total de axudas de minimis concedidas a unha empresa, non poderá ser superior a 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais, tal e como establece o Regulamento (CE) N° 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

5.4 Lugar de solicitude.

A instancia de solicitude e a documentación correspondente presentaranse no Rexistro da **Fundación Deporte Galego**: Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 4 (15781 Santiago de Compostela) ou ben por calquera outro dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.5 Prazo de solicitude.

O prazo de presentación das solicitudes será de 32 días naturais a contar dende o seguinte día da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

O horario de rexistro aos efectos de presentación das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00.

5.6 Corrección de solicitudes.

Unha vez revisada a documentación, publicarase a lista das solicitudes admitidas e daquelas que conteñan erros ou deficiencias no taboleiro de anuncios da Fundación Deporte Galego e na páxina web www.deportegalego.eu, dispoñendo a partires dese momento dun prazo non superior a 15 días naturais para que sexan corrixidas, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo dunha resolución expresa por parte da Fundación na que así se declare o desestimento.

6. Instrución e tramitación do procedemento.

6.1 Órgano de instrución e Comisión de valoración.

O Xerente da Fundación Deporte Galego será o órgano instrutor do procedemento, responsable da tramitación do mesmo.

Para a valoración das solicitudes constitúese unha comisión de valoración designada pola Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidente: O Vicepresidente da Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego ou persoa en quen delegue.
- 1 vogal: Delegado/a Provincial da Consellería de Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue.
- 1 vogal: Técnico/a deportivo/a da Fundación asignado á convocatoria.
- Secretario: O Secretario do Padroado da Fundación Deporte Galego ou persoa en quen delegue, que contará con voz pero sen voto.

Serán funcións da Comisión de valoración:

- a) Avaliar as solicitudes presentadas e a documentación aportada+.
- b) Efectuarlle as propostas de concesión de axudas ao órgano instrutor.

Serán funcións do órgano instrutor: Elevar a proposta de resolución das axudas elaborada pola comisión de valoración á Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego, para a resolución definitiva.

O secretario redactará a correspondente acta de cada sesión da Comisión.

O órgano instructor poderá utilizar e solicitar tanta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación dos proxectos.

O outorgamento das axudas determinarase atendendo aos criterios de valoración sinalados no apartado 6.2 das bases.

6.2 Criterios de valoración.

1. Asignarase cada solicitude a un dos tipos de axuda descritas nos seguintes cadros, tendo en conta os datos proporcionados na proposta efectuada.

LIÑA I: ORGANIZACIÓN DE EVENTOS/ACTIVIDADES.

TIPO DE AXUDA	EVENTO/ACTIVIDADE	IMPORTE MÁXIMO
AXUDA I.1	A) Eventos internacionais de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexidade organizativa. B) Eventos estatais de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexidade organizativa.	ata 40.000 €
AXUDA I.2	A) Eventos internacionais de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio. B) Eventos estatais de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio. C) Eventos galegos de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexidade organizativa.	ata 20.000 €
AXUDA I.3	A) Eventos internacionais non incluídos nas axudas 1 e 2. B) Eventos estatais non incluídos nas axudas 1 e 2. C) Eventos galegos de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio. D) Actividades de interese galego orientadas ao fomento, promoción, difusión e formación da práctica deportiva.	ata 8.000 €
AXUDA I.4	A) Eventos galegos non incluídos nas axudas 2 e 3. B) Eventos de carácter provincial, comarcal ou local. C) Actividades non incluídas na axuda 3.	ata 1.500 €

LIÑA II: PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS.

TIPO DE AXUDA	PARTICIPACIÓN	IMPORTE MÁXIMO
AXUDA II.1	A) Participación en eventos internacionais de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexida nos medios requiridos. B) Participación en eventos estatais de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexida nos medios requiridos.	ata 30.000 €
AXUDA II.2	A) Participación en eventos internacionais de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio. B) Participación en eventos estatais de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio. C) Participación en actividades deportivas internacionais ou estatais con requirimentos específicos, de máximo nivel na súa modalidade deportiva e de recoñecido prestixio.	ata 12.000 €
AXUDA II.3	A) Participación en eventos internacionais de alto nivel na súa modalidade deportiva. B) Participación en eventos estatais de alto nivel na súa modalidade deportiva. C) Participación en eventos galegos de máximo nivel na súa modalidade deportiva, de recoñecido prestixio e elevada complexida nos medios requiridos. D) Participación en actividades deportivas internacionais ou estatais con requirimentos específicos non incluídas na modalidade 2.	ata 3.000 €

2. A Comisión de valoración non terá en conta as solicitudes que non se adapten aos requirimentos establecidos nestas bases.
3. Dentro de cada tipo de axuda, avaliarase a calidade da proposta presentada no proxecto e baremarase sobre un máximo de 100 puntos seguindo os criterios descritos no seguinte punto, que equivalerán ao máximo importe para este tipo de axuda, con independencia do custe do proxecto presentado. O orzamento do proxecto non será un dos criterios de valoración.
4. Establécense os seguintes criterios de valoración para cada tipo de axuda:

Liña I: Organización de eventos (ata 100 puntos):

- a) Características deportivas do evento ou da actividade. Puntuación máxima: **30 puntos**, calculados en base a:
 - a.1 Características técnicas do proxecto, ata 20 puntos.
 - a.2 Carácter único ou non dentro da súa modalidade deportiva ou tipo de actividade, ata 10 puntos.
- b) Organización do evento ou actividade. Puntuación máxima: **30 puntos**, calculados en base a:
 - b.1 Recinto, infraestruturas, equipamentos e persoal requirido, ata 25 puntos.
 - b.2 Medidas de seguridade para a realización do evento, ata 5 puntos.
- c) Presenza do deporte de base no desenvolvemento do evento. Puntuación máxima: **10 puntos**.
- d) Incorporación e desenvolvemento de obxectivos transversais na programación: deporte feminino, incorporación de colectivos en desigualdade, desenvolvemento de modalidades deportivas autóctonas. Puntuación máxima: **10 puntos**.
- e) Dinamización social vencellada ao evento en termos de participación nas actividades complementarias, público, etc. Puntuación máxima: **5 puntos**.
- f) Emprego do galego na comunicación do evento ou actividade. Puntuación máxima: **5 puntos**.
- g) Realización do mesmo evento/actividade en edicións anteriores coas mesmas características. Puntuación máxima: **10 puntos**.

Liña II: Participación de deportistas (ata 100 puntos):

- a) Medios que precisa o/a deportista para a participación no evento. Puntuación máxima: **40 puntos**, calculados en base a:
 - a.1 Medios materiais precisos, viaxes de preparación, concentracións, desprazamentos, etc..., ata 20 puntos.
 - a.2 Apoio técnico (adestradores, médicos, fisioterapeutas e outro persoal técnico, ata 20 puntos.
- b) Valoración do proxecto deportivo. Puntuación máxima: **40 puntos**, calculados en base a:
 - b.1 Características técnicas do proxecto, ata 30 puntos.
 - b.2 Carácter único ou non dentro da súa modalidade deportiva, ata 10 puntos.
- c) Participación e resultados en eventos de características similares. Puntuación máxima: **20 puntos**.

5. En función da puntuación proporase a contía das axudas correspondentes a cada solicitante, atendendo aos límites establecidos no apartado 5.3 destas bases e o establecido para cada tipo de axuda.
6. A Comisión non valorará as solicitudes que acaden un importe inferior a 300 euros por beneficiario/a.
7. Procederase ao rateo dos importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

6.3 Resolución de adxudicación.

A Comisión de Valoración elevará informe ao órgano instrutor do procedemento, quen dará traslado da proposta de resolución á Comisión Permanente da Fundación Deporte Galego, que ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto, o importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida (ata 50%) e a contía desta.

Tendo en conta o previsible elevado número de solicitudes, poderanse efectuar resolucións diferenciadas por liñas de actuación e por tipos de axuda.

O prazo máximo para ditar e notificar aos/ás interesados/as a resolución expresa das axudas será de **catro meses** a partir do día seguinte ao que remate o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao/á interesado/a para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións favorables comunicaránselle aos/ás correspondentes beneficiarios/as por correo e publicaranse na páxina web www.deportegalego.eu

As axudas, e en particular o acto do seu outorgamento, axustarase ás seguintes regras:

- Non terán carácter contractual.
- Concederanse en réxime de libre concorrencia.
- Non serán invocables como precedente.
- Non será esixible revisión, aumento ou renovación.

6.4 Aceptación da resolución

Notificada a resolución definitiva, os/as beneficiarios/as disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou para presentar a súa renuncia, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que as axudas outorgadas non sexan aceptadas polos/as beneficiarios/as ou que posteriormente á súa concesión se renuncie a elas, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible entre as solicitudes valoradas pola Comisión e que non acadaran axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

6.5 Reclamacións

Contra a resolución poderá interperse reclamacións perante o órgano de adxudicación, no prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a publicación da lista de beneficiarios/as das axudas no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web www.deportegalego.eu, con carácter previo á vía xudicial.

7. Xustificación e pagamento.

7.1 Xustificación

- a) Prazo: A xustificación presentarase unha vez rematado o proxecto para o que se solicitou a axuda e en todo caso a data límite será o **11 de xaneiro de 2010**.
- b) Solicitud de liquidación. A xustificación da axuda concedida efectuarase segundo o **Anexo 3** dispoñible en www.deportegalego.eu e presentarase segundo o procedemento establecido no punto 5.4 das bases.

A este anexo deberaselle engadir a seguinte documentación:

- Memoria documental, fotográfica e/ou de prensa do proxecto realizado que acredite a realización da proposta presentada na instancia de solicitude.
 - Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente orixinais ou compulsadas polo importe da axuda concedida, así como facturas e documentos probatorios fotocopiados polo importe restante ata chegar ao total do gasto finalmente executado para o desenvolvemento íntegro do proxecto. Todas estas facturas e documentos probatorios deberán relacionarse no apartado correspondente do Anexo 3 e serán sempre **referentes ao exercicio 2009**.
Acreditarase o pago efectivo de gastos realizados por importe igual ou superior ao importe da axuda para o que se solicita o seu abono segundo o indicado no apartado 7.1.d. Esta acreditación acompañarase á factura ou documento de gasto que corresponda, podendo ser copia da anotación ou transferencia bancaria ou copia do recibí de pago debidamente fechado e asinado.
 - Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais (Axencia Tributaria e Xunta de Galicia) e de seguridade social, no caso de ter expirado a vixencia os certificados presentados xunto coa solicitude de axuda.
 - Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da axuda.
 - As empresas promotoras de eventos deportivos beneficiarias de axuda deberán presentar ademais unha declaración escrita, sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.
- c) Gastos subvencionables.
 - Os gastos en bens e servizos que contribúan dun xeito directo á organización do evento ou actividade.
 - As dietas, estadias e viaxes debidamente acreditadas.
 - Os gastos relacionados co apoio técnico así como os gastos de preparación no caso dos/as deportistas.
 - Os gastos en publicidade e/ou relacións públicas.

- Non se considera gasto subvencionable o I.V.E. cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Os órganos competentes da Fundación Deporte Galego poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos.

d) **Reducción da axuda.**

O importe da axuda que finalmente abonará a Fundación ao/á beneficiario/a terá que cumprir cos seguintes límites:

- *Límite temporal.* A xustificación da axuda concedida deberá acreditar que o proxecto para o que se solicitou a axuda realizouse no exercicio 2009 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro).
- *Compatibilidade con outras axudas.* O importe da axuda que finalmente aboará a Fundación ao/á beneficiario/a en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe final xustificado do proxecto para o que se concedeu a axuda. Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas e/ou recibidas no momento de xustificación final (**Anexo 3**).
- *Límite de contía.* Se houbera redución de custes, a axuda que finalmente aboará a Fundación ao/á beneficiario/a deberá respetar a porcentaxe do 50% sobre o gasto final xustificado.
- *Axudas de minimis.* O total de axudas de minimis concedidas a unha empresa, non poderá ser superior a 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais, tal e como establece o Regulamento (CE) N° 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

De non cumprirse estas condicións, o/a beneficiario/a reducirá a axuda solicitada ata o importe que permita cumprir coas mesmas.

7.2 Pagamento

O pagamento da axuda concedida efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez sexa correctamente xustificada.

Ningún beneficiario/a de axuda poderá recibir o pagamento da mesma mentres teña débedas tributarias, de seguridade social ou doutro tipo pendentes coa Fundación Deporte Galego ou coas Administracións Públicas.

8. Obrigas do/a beneficiario/a.

O/a beneficiario/a deberá cumprir coas obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, as entidades e deportistas que resulten beneficiarias das axudas concedidas ao amparo da presente convocatoria virán obrigadas a:

- Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria.

- Levar a cabo e acreditar a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude que estean suxeitos a valoración, asumindo as obrigas e responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Comunicar calquera eventualidade significativa na programación da proposta admitida.
- Facer constar en lugar destacado da publicidade das propostas admitidas a colaboración da Fundación Deporte Galego, incorporando o seu logotipo segundo a indicación establecida na web da Fundación, así como elementos identificativos da Fundación. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas. Esta obriga non é aplicable aos casos de que a concesión é posterior á execución do obxecto da axuda.
- Empregar o galego na comunicación do evento ou actividade, ou bilingüe cando se trate de comunicación que se difunda fóra de Galicia.
- Facilitar invitacións para a Fundación co fin de asistir ao evento ou actividade, no caso de que a entrada sexa restrinxida por algún motivo.
- Colaborar e participar nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Fundación Deporte Galego directa ou indirectamente.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no apartado 9 destas bases.

9. Modificación da resolución, revogación e reintegro.

9.1 Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e para a xustificación da mesma, en particular a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

9.2 Revogación.

Procederá a revogación da axuda e a obriga de reintegrar total ou parcialmente a axuda, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a concesión da axuda.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos nestas bases.
- d) Incumprimento das obrigas como beneficiario establecidas nestas bases.

- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do proxecto subvencionado ou a concorrencia doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

9.3 Reintegro

O reintegro ao que se refire o punto anterior farase efectivo de acordo co procedemento previsto no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aos/ás beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases poderaselles aplicar o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. Réxime xurídico.

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolles aplicables os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal.

As axudas concedidas a empresas promotoras de eventos deportivos acolleranse tamén ao Regulamento (CE) N° 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

11. Disposicións adicionais.

1. A presentación de solicitude de axuda leva implícita a autorización á Fundación Deporte Galego para:

- Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas así como ás sancións impostas.
- De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web a relación de beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

2. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ao/á beneficiario/a que os datos facilitados acorde con estas bases pasarán a formar parte dun ficheiro, automatizado ou non, con Datos de Carácter Persoal, cuxo responsable é a Fundación Deporte Galego, con domicilio social: Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4, 15781-Santiago de Compostela.

Mediante a presentación da solicitude, o/a beneficiario/a autoriza á Fundación Deporte Galego para que utilice os Datos Persoais que aquel proporcione do seguinte xeito:

- Os datos que correspondan, poderán ser facilitados a diferentes administracións públicas, co fin de realizar os trámites necesarios.
- Os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial da Fundación Deporte Galego.

O/a beneficiario/a poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito á Fundación Deporte Galego ao enderezo arriba indicado.